

SARMIENTO E A LEXICOGRAFÍA GALEGA

Antón Santamarina. ILG

O contacto e compromiso de Sarmiento con Galicia e co galego foi contado múltiples veces polos seus biógrafos; este é, por outra parte, un incidente da súa biografía que o bieito confesa repetidamente nos seus escritos; por exemplo, nunha carta do 14.1.1751 dirixida ó padre Rábago [=CR]¹ di que “apenas cumplí en 9 de marzo los 15 años de mi edad [nacera o 9.3.1695], cuando a 3 de mayo de 1710 salí de la villa de Pontevedra para Madrid a tomar el hábito en este monasterio de San Martín. Desde entonces hasta hoy jamás he ido a Galicia sino el verano de 1725, que saliendo del colegio de Oviedo para Madrid, rodeé por Pontevedra, y el año de 745 con el fin del Santo jubileo de Santiago pasé desde el capítulo de Valladolid a aquella ciudad y después de haber rodeado las costas marítimas, me detuve en Pontevedra aquel otoño”. Nos anos 1754-55 volve estar en Galicia: desde Pontevedra o 16.1.1755 escíbelle a Terreros a importante carta sobre a orixe da lingua galega [=CT]²; e ese día bota contas: despois de 1710, as tres veces que estivo de paso en Galicia foron só 18 meses. Así é que “desde el año dicho [de 1710] nunca hablé ni leí, ni escribí tres períodos en lengua gallega, y en cuanto a leer, apenas sabía que hubiese monumentos escritos en ese idioma hasta que el dicho año de 45 que vi infinitos pergaminos y papeles y leí tal cual por curiosidad” [CR]. Non conta como foron aproveitados para a observación e cultivo da lingua galega os seus primeiros quince anos; posiblemente foi un rapaz coma todos; só insiste con frecuencia, xa na súa maturidade, cando fala das linguas que coñece, que a galega é a única que mamou e na que ninguén o instruíu.

Durante todo o período 1710-1745 non sabemos moi ben cal foi a súa actitude cara ó galego. Segundo el “los gallegos que salen fuera del reino están en la posesión de hacer especial estudio de olvidar su lengua” [CT]; e mesmo os que se quedan e “tienen hebilla en los zapatos hacen estudio de huir de la lengua que han mamado por no manchar el armiño del idioma castellano pegadizo al uso del país” [*Obra de 660 pliegos*, 5.685]³. Ata o ano 45, xa entrado na cincuentena, abundan pouco as súas opinións sobre o galego e por iso non podemos te-la certeza se el tamén foi un galego típico, dos que saen do reino ou quedan nel, e por algunha razón depuxo o odio (se o tivo) contra a lingua mamada. Fose o que fose, autodio ou indiferencia, no ano 51, case sesaxenario, no “*Plano... para formar una General descripción Geográfica de España*” ó falar da súa viaxe do 45 a Galicia, que percorre caderno en man, como “preguntón insufrible”, fai un acto de contricción cando ten que recoñecer que “bien castigado salí de mi curiosidad” porque se ve obrigado a recoñecer que “siendo así que soy de Galicia por todos los costados, sabía más de la

China que de mi país originario”⁴; nesa curiosidade estaba non só a xeografía; estaba a historia natural cos seus nomes (que recolle desde os máis xenéricos ós máis específicos: “peras de Pontevedra”, “castañas de Riazón”); estaban as voces comúns, que comenta as máis das veces etimoloxicamente; estaba a toponimia, que trata de retrotraer segundo cada caso á lingua que corresponda; e mil cousas máis.

Hai daquela, seguramente, por parte de Sarmiento, un regreso sentimental á terra e á lingua da infancia, á súa Aracadia feliz (que en realidade era un país bonito aínda que de homes infelices e miserables como se desprende dos seus escritos de carácter económico); pero a primeira lingua aprendida, de non terse convertido nun estigma discriminador, segundo o lingüista suízo Camartin, expresa tamén un patético moi particular, unha aptitude para a emoción intensa, que non se dá atopado en linguas aprendidas máis tarde. Na lingua materna as palabras teñen unha estabilidade que non se atopa en ningunha outra, porque están saturadas de experiencia vivida e teñen, daquela, coma un valor intrínseco. Sarmiento, libre de prexuízos lingüísticos, puido, xa maduro, ter este reencontro sentimental coa lingua da súa infancia, da que seguramente non deixou nunca de servirse para pensar na soidade da súa cela; en calquera caso Sarmiento, que non esquecía nada, é seguro que non esqueceu a súa lingua habitual dos primeiros quince anos. Á vista dos resultados non lles podemos dar creto ás palabras con que lle envía a Rábago o exemplar das *Coplas* e dos comentarios: “En virtud de lo dicho y de lo contenido en los 15 pliegos inclusos no necesito explicar a V.S. ni a ninguno en que consiste la *paradoja*. Cualquiera palpará que lo es el que, *sin saber yo la lengua gallega*, haya hecho en ella coplas y piense explicar todas sus voces, dándoles a casi todas el nobilísimo origen de la lengua *latina*”; aínda que lle poidamos conceder algunha inseguridade pois o exemplar que lle envía ó seu irmán Francisco Javier é para que “en su vista [pueda] enmendar algunas locuciones que no sean puras gallegas” [CR].

Pero hai máis, sen dúbida, porque Sarmiento era máis racional ca sentimental. E entre os múltiples asuntos que o preocuparon estaba a lingua mesma, en particular o problema da súa orixe e a súa diversidade. Non é aquí o lugar para tomar en consideración as súas ideas de como se foi creando a linguaxe primeiro a través de sinais, despois berros, máis tarde voces naturais, despois voces compostas, logo voces significativas “ad plácitum” con “significaciones, 2^a, 3^a y 4^a metafóricas” e finalmente, por comparación coas cousas visibles, as voces que se refiren ás cousas intelectuais; explícallo nunha carta do 29 de agosto de 1760 ó Duque de Medina Sidonia⁵ (que se quedaría pampo preguntando como se casaba iso coa fábula oficial da lingua divina e das linguas babélicas). Fose como fose a orixe da linguaxe e das linguas, o castelán e o galego, que eran as linguas polas que estaba principalmente interesado, non pretendía vincularlos con ningún idioma que se falase no paraíso ou na arca de Noé como facían moitos filólogos coetáneos del e anteriores con respecto ás linguas propias (ou estudiadas). “He notado que los que quieren apurar el origen de alguna lengua, hacen lo que algunos genealogistas alquila-

dos, que quieren apurar, hasta el huevo de Leda el origen de alguna familia conocida-mente noble.” [CT] Non estaba interesado en fabular sobre unha etapa da historia lingüística do mundo da que non hai documentos; abondáballe con que no curso da historia houbera unha fase documentada común a varias; e para as linguas galega, portuguesa, castelá, catalana, provenzal, italiana, siciliana e francesa, a fase común (máis arriba da cal era ocioso buscar etimoloxías) era o latín. (É verdade que no galego pode haber celtismos pero son voces xa incorporadas no latín mesmo).

Da lingua estaba principalmente interesado polas etimoloxías; é de supoñer que o interese por esta ciencia lle viñese da lectura de tantos autores frecuentados que se dedicaran a indagar sobre os “oríxines” de varias linguas (Cobarrubias, Aldrete, Ménage, Kircher, etc.). E para isto o galego era un contrapunto esencial en comparación co castelán e coas outras linguas románicas mencionadas: “Tampoco había pensado en averiguar el origen de las voces gallegas hasta el año de 45, cuando por una tal cual inclinación anterior a conjeturar sobre la etimología de algunas voces castellanas, la extendí sin particular estudio a penetrar el origen de las voces gallegas conforme las iba oyendo en Galicia” [CR]. A lingua galega estaba nunha situación de privilexio con respecto á castelá e á portuguesa pois por non ser escrita está “exempta de aquellos embarazos” que desvirtúan estas por estaren “cargadas de voces forasteras” (préstamos e cultismos) “y por consiguiente se conservará más pura y más conforme a su madre la lengua latina” [CT].

Dentro das voces etimoloxizadas estaban especialmente as referidas á historia natural, pois “este género de voces por ser visible su significado, y el de las voces o nombres de lugares son las más propias palabras para inquirir el origen de una lengua” [CT]. Da historia natural ocupouse relativamente tarde na súa vida; nos catálogos das súas obras comeza a haber textos sobre botánica tamén a partir do 45; antes desa data (aproximada) “aún Dios no me había aguijado la afición que me había dado a la Historia Natural, por lo que doy infinitas gracias. Si los demás españoles o desprecian o censuran la Historia Natural para ser únicos en Europa, yo no quiero ser de esos españoles ni tan ignorante como ellos. ¡Que lástima que fray Sarmiento haya dado a la vejez [tiña 50 anos] en la manía de leer libros de la Historia Natural y Botánica! No ignora usted que algunas veces en cabeza de otros me habló en este tono. ¡Que lástima, respondo yo, que haya llegado a tanto la barbarie en España!” [Carta do 6.8.1760 ó Duque de Medina Sidonia]⁶. Así é que as dúas últimas veces que estivo en Galicia pasounas dedicado a “recoger voces gallegas, y en especial las que significan objetos de la historia natural, sobre todo las que significan vegetables” [CR]. Historia natural e palabras; non podía ser doutro xeito pois os informantes de Sarmiento cando lle enviaban ou mostraban unha especie asignábanlle un nome; “Busca una Mari-Diz y otra rústica de las vecindades del Seixo. La antigua Mari-Diz me hizo venir ahí, del Seixo, la planta llamada *arando* y con ese nombre” [Carta ó irmán]⁷. “Es indispensable ir preguntando a los del país si saben en donde hay letreros pequeños o grandes” e mesmo incentivalos cuns cartos que lles valla

“a los niños para castañas, a los viejos para tabaco, a las viejas para una rueca, y a cualquiera para echar un cuartillo de vino”; “lo mismo digo de las costas marítimas, para recoger *conchas* y *testáceos*. Venían a mi los chicos con monteras de varias conchas, y a las cuales daban el nombre vulgar, porque sabían que les había de dar para castañas. Lo mismo hice en orden a vegetales, que no podía ver, y hiciera con los *minerales*, si hubiese quien me los trajese”. [*Onomástico* par. 695]⁸. Os nomes vulgares eran a maneira que tiñan os informantes de Sarmiento de organiza-lo mundo (e Sarmiento tamén); mesmo tratándose desa parte do mundo constituído por unidades discretas como son as especies vexetais ou animais.

Daquela, pola etimoloxía, pola historia natural ou por simpatía cos galegos que non gastaban zapato de “hebilla”, que eran os que falaban galego, chegou tamén Sarmiento, a través dun proceso reflexivo (que engadiremos ó sentimental apuntado antes), ó descubrimento de Galicia e da súa lingua; durante os 25 derradeiros anos da súa vida foi un tema case obsesivo para el.

Vindo xa ó asunto do dicionario galego: a penuria de estudos neste sentido a mediados do séc. XVIII é tan grande que non hai lingua coñecida en situación máis miserable; en efecto “apenas hay lengua viva en el mundo de la cual no pueda citar desde aquí algún diccionario grande o pequeño, aún entrando en las lenguas más bárbaras; sólo la lengua gallega carece de ese vocabulario. No me opongo a que acaso haya alguno manuscrito en poder de algún curioso. Digo que jamás le he visto, ni manuscrito ni impreso” [CT]. Nin a idade nin a distancia lle permiten a el xa a esa altura (1755) acometer unha empresa semellante, cousa que lamenta pois “si yo tuviese veinte años menos hubiese de vivir en Galicia diez o doce años, tomaría gustoso el trabajo de leer algunos manuscritos antiguos y de recoger muchas voces y frases del idioma de hoy. (...) Pero siendo mi residencia en Madrid, y no habiendo estado en Galicia sino de paso tres veces solas, que juntas no han llegado a dieciocho meses, claro está que ya no puedo concurrir sino con los buenos deseos” [CT]. E os seus bos desexos tradúcense no único que podía facer: nun proxecto que, como moitas outras ideas del, quedaron sen realizar. Xa prevía que era dificultoso levalo a cabo porque o que non era de nación galega non tería interese nunha empresa “que juzgaría inútil y árida” [CT] (na obra dun dicionario hai sempre un impulso patriótico); os galegos establecidos fóra xa vimos que o único que lles interesaba era esquecer canto antes o galego “y los que siempre viven y han vivido [dentro del reino] jamás han pensado en eso” [CT]. Aínda así non considera irrealizable o proxecto pois el mesmo, en pouco tempo, demostrou que se podía facer: “Ya me hago cargo de las dificultades que me opondrán a todo lo dicho. Pero yo no me espanto de ratones. La mayor dificultad que hay será un *no querer* y la pápara cantinela de Galicia, *Non señora, acá non fazemos iso*. Nada propongo aquí que no haya ejecutado yo, y aun que no con tanta extensión con la bastante respecto del poco tiempo que anduve por Galicia, y muy de paso. Con *seis* años que yo estuviese en Galicia, y con medios y liber-

tad para viajar de aquí para allí, recogería todo lo dicho, y mucho más. ¿Y qué no podrá recoger *Alethophilo* empleando *veinte* años? [*Onomástico* par. 693].

Así é que, non para el, senón para outros que veñan tras del, deseña Sarmiento un plano que vai moito máis alá dun diccionario (pois abarca tamén saberes enciclopédicos de moitos outros campos). É curioso que Sarmiento non confiase moito no traballo de equipo, que tanto se leva hoxe porque “obra que sale de muchas manos y de muchos entendimientos es un queso de *sesenta leches*. No puede haber en ella la deseada consecuencia”. [*Onom.* par. 702]. Con todo, o traballo é tan grande que non desbota a idea de “que en Galicia haya una docena de *Alethophilos* esparcidos, o que unidos en alguna parte como en *Academia*, trabajen sobre unos mismos principios, y al mismo fin”. [*Onom.* 701]; as Academias da Crusca, a Francesa ou a Española, unhas con máis dilixencias ca outras, levaran a cabo empresas lexicográficas colectivas ben ambiciosas e admirables; pero un individuo só tamén é capaz de realízalas como demostra Bluteau, autor dun diccionario portugués en dez volumes en folio publicado a principios do 700, a máis doutros catro volumes sobre outros asuntos.

Na Carta a Terreros e no *Onomástico* fai un esbozo metodolóxico para a confección do diccionario galego; propón os diferentes tipos de diccionario que serían necesarios (dada a heteroxeneidade dos materiais lingüísticos de que se dispón); xustifica a utilidade destes dictionarios; e mesmo se detén nos requisitos persoais, familiares e intelectuais que se lle deben de esixir ó lexicógrafo galego (pois esta é a especialización principal de *Alethóphilo*).

Empecemos por isto último. O *Alethóphilo* ten que ser un fidalgo con recursos (independente economicamente: “con 2.000 ducados fijos anuales por toda su vida”); que renuncie ás obrigas familiares (preferiblemente “sacerdote, sin cura de almas ajenas”); ser coñecedor das linguas galega, castelá e latina e ademais “será del caso tener un *Arte y Lexicon* de la lengua griega, para leer a lo menos y saber buscar una voz. Lo mismo digo del idioma francés e italiano” [*Onom.* 697]; non lle sobrará unha boa formación en Artes e Letras Sagradas así como unha pequena información de Xurisprudencia; deberá formar unha biblioteca escolleita (da que é mellor que estean excluídos os libros de xenealoxía; estes só deberá empezar a lelos ós 40 anos, cando xa teña discernimento abondo para xebra-las verdades das fantasías). E principalmente, este *Alethóphilo*, “el estudio, que jamás ha de dejar de la mano, es la *lengua gallega* en toda su extensión y de todos países”. [*Onom.* 664]. Estes entre outros (porque ademais de lexicógrafo tamén se prepara para outras cousas) son os requisitos que necesita o noso *Alethóphilo* para que, como se di agora, o seu currículo se adecuase ó perfil da praza. En Portugal apareceu século e medio despois un merlo branco desas características, Leite de Vasconcelos; entre nós paréceuselle, pero de lonxe, don Marcial Valladares.

O galego na época de Sarmiento non era unha lingua que se puidese estudar nos textos; un diccionario galego non se podía facer como fixeran os académicos da española

entre 1726 e 1739 baleirando autores clásicos dos que saíu un *Diccionario de Autoridades* (sobre o que Sarmiento escribiu unhas observacións atinadas). As autoridades do galego son as fontes orais. Así é que nunha vez que o noso Alethóphilo se encuentre suficientemente instruído, en especial nos asuntos da historia natural, o que tén que facer e botarse a “[peregrinar] preguntando, escribiendo y recogiendo. Ha de recoger todos los nombres de *animales, aves, peces, mariscos, conchas, insectos, amphibios, tierras fósiles, minerales*, etc. También debe recoger todos los nombres de todo vegetable, *árbol, arbusto, hierba, flor, fruto, semilla*, etc. No sólo un nombre, que le dan en tal parte, sino todos cuantos nombres oyere aquí o allí, que convienen a un *solo mixto*” [*Onom.* 677]. Certamente cada xurisdicción fala dun modo diferente; disto era testemuña pois pasou por tódolos bispados de Galicia e por experiencia sabía que a mesma cousa pode levar ata vinte nomes segundo o sitio (e mesmo ás veces quedaba curto); iso é riqueza: “es otro tanto oro para la inteligencia fundamental de la lengua y para demostrar su abundancia” [CT]. Podendo ser, estas enquisas ha de levalas a cabo Alethóphilo persoalmente de modo que “no ha de pasar año en el cual no haga alguna jornada por Galicia, mayor o menor, de calidad que a los 40 años, pueda afirmar que no hay rincón en Galicia en que no haya estado, y en donde no hubiese hecho alguna observación” [*Onom.* 664]. Aínda así, como Galicia é tan grande e tan variada, non desbota a idea da colaboración dunha “docena de gallegos curiosos y eruditos, esparcidos y de asiento en doce distintas y distantes partes de Galicia, [que] recogiesen todas las voces gallegas que hoy se hablan, en especial en las aldeas. Hablo de una docena y aún me parece corto numero” [CT]. Tanto Alethóphilo como os posibles eruditos teñen que ser coidadosos coa escolla dos informantes; non valen os señoritos instruídos “que, sin saber el gallego, se precian de *castellanzantes*” [*Onom.* 664] (sábeno ben hoxe os que fan inquéritos para os atlas lingüísticos ou para teses); é mellor escoller suxeitos enxebres como son os vellos, as vellas, os nenos e os rústicos. Para todo este material “tendrá cuadernos aparte, en que vaya colocando, verbos, nombres, frases y adagios, como los fuere oyendo” [*Onom.* 664]. Alethóphilo ten que ser unha persoa moi meticulosa por iso despois que “haya hecho unas grandes colecciones de todo lo dicho, ha de volver a hacer jornadas repasando todos los perfiles del reino de Galicia, y penetrando por el centro a los 32 rumbos a su disposición. Estos viajes, que ya le cogarán tan instruido, han de servir para rectificar los viajes pasados y las cosas que había notado en ellos, procurando aumentar el número de *voces gallegas*, de *sitios geográficos*, de las cosas y voces de la *Historia Natural* y de la *Botánica*, de las *inscripciones, epitafios, monedas*, etc.” [*Onom.* 706]. E finalmente viría o traballo de gabinete do cal “a poca costa (...) podrá salir un *Arte* [ou sexa, unha gramática] y *Diccionario de la Lengua Gallega* con un *Etymologico*, que reduzca casi todas sus voces al *latín*” [*Onom.* 700]. Non é nada explícito en como ten que se-la macroestructura e a microestructura dese diccionario nin podemos deducilo dos seus textos porque non chegou nunca a redactar o que podería ser unha papeleta modelo. Admiraba (aínda que ás veces critica-

ba o inchado que estaba de voces forasteiras) o dicionario de Bluteau así que imaxinamos que o dicionario galego de Alethóphilo sería unha réplica daquel. Pero como Sarmiento non se conformaba case nunca con da-la información semántica de cada palabra senón que lle praciá encerellarse no problema das orixes e parentelas de cada verba e noutras referencias, imaxinámo-las información dese dicionario enriquecidas con todo tipo de erudición de colleita propia ou inspirada en filólogos e dicionarios estimados como Nebrixa, Aldrete, Covarrubias ou o Dicionario Académico da lingua castelá e varios doutras linguas entre os que destacaba o de Ducange para o latín da mediana idade.

As aspiracións lexicográficas de Sarmiento non se esgotaban na preparación dese único dicionario da lingua moderna. Como historiador da súa orde batera nos arquivos con documentación antiga, en latín e en galego (co achado desta última puido comprobar ademais que entre a antiga lingua que se escribía durante o reinado de D. Afonso e a que en tempos del se falaba a diferenza era mínima; isto tamén lle valeu para chegar á conclusión de que se agora estaba privada das funcións elevadas non era por culpa da lingua mesma senón por un proceso de minoración do que fora vítima o pobo galego). Do baleirado desta documentación poderían facerse outros dous dicionarios: un das voces latinas específicas de Galicia nos textos medievais (do que resultaría un complemento galaico do Ducange) pois “a vuelta de las voces latino-bárbaras, que se hallan en los instrumentos latinos de Galicia, se hallarán muchas voces de antigua y pura latinidad, y aún con la ortografía antiquísima” [CT]; e outro coas voces galegas sacadas dos documentos galegos anteriores a 1500. El mesmo fixo varias listas destas voces; por ex. as “voces gallegas antiguas que hallé en los instrumentos anteriores al año de 1500, así en Santa Clara de Pontevedra como en el Poyo. Año de 1745” (que insire no *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*). Entre estas voces están: “*Moesteiro*, monasterio; *Fraylas, frayras*, monjas; *Entesta*, hace cara, en apeos; *Hu quer que*, en cualquiera parte que; *Aprés miña morte*, después; *Meu seymento*, mi muerte”⁹; etc. Na Carta a Terreros e noutras partes insiste nesta triple empresa lexicográfica. Para os dous dicionarios da lingua antiga a peregrinación de Alethóphilo tería que ser principalmente, claro está, ós arquivos dos mosteiros.

Quedaba un problema grave por resolver nesta historia de dicionarios: convencer a propios e estraños da súa utilidade. “¿Glosario de la lengua gallega? Jesús, ¡qué desatino! O ese fraile se volvió licántropo o piensa hacer burla de los gallegos. ¿Lengua gallega? ¿En dónde estamos? dirían otros que no son de Galicia. Si en Galicia azotan a los niños en la gramática, a los cuales se les suelta la voz gallega a vuelta de un pentalez y a veces un pentaler, a vuelta de la vuelta susodicha y de suso dada, ¿con qué conciencia se viene el fraile a escribir seriamente de una lengua que no hay y que es delito hablar de ella? Bien se conoce que el chorrillo de escribir es invención de frailes. Que escriban en castellano, vaya. Que escriban en latín, venga. Que traduzcan del francés, aunque sea algu-

na taranganita literaria, pase, aunque no pase sino por obra de un calesero que ha estado en Francia. Pero querer hacer análisis de las voces gallegas y de las cosas que significan, teniendo atrevimiento para citar los autores más clásicos del griego, latín y castellano y con su empedradillo de voces orientales, eso no ya es invención de frailes, sino de algún fraile de invenciones”. [Carta a Campomanes 19.9.1761]¹⁰. Tropezaba, xa que logo coa incomprensión máis xeneralizada; e así como século e medio máis tarde (e aínda hoxe) as elites cultas deste país (e de fóra) eslumeaban por un bo diccionario galego daquela era incomprensible que unha “lengua zaparrastrosa” [CC] necesitase un diccionario. A Terreros, interlocutor que sen dúbida o entendía ben, explícalle a utilidade destes tres diccionarios e nomeadamente do terceiro, o vocabulario das “Voces Gallegas que hoy se usan”, que tería as mesmas utilidades de calquera outro vocabulario dunha lingua viva, entre elas a de “conservar por escrito la lengua que sólo se habla, y por lo mismo que ya no se escribe. Si desde que hay monarquía española se hubiese hecho semejante trabajo *respective* y se repitiese de doscientos en doscientos años, no viviríamos hoy en tantas tinieblas, ni nos veríamos inundados de algunas opiniones fantásticas”. [CT] Ademais sería útil “para los infinitos que sin ser gallegos vienen a Galicia a administrar rentas públicas, justicia, sacramentos, etc. Algunos de éstos suelen aficionarse a la lengua, o porque les gusta o porque la juzgan necesaria para tratar con los rústicos del país, sin necesitar de intérpretes” [CT]. Sería útil tamén para os galegos mesmos porque poderían esclarecer con el o significado de voces específicas dunha comarca. E finalmente “sería útil para castellanos y gallegos eruditos, que necesitan manejar instrumentos gallegos y castellanos manuscritos, para la genuina inteligencia de ellos. Los castellanos, porque en el vocabulario vulgar hallarían muchas voces que ya se han perdido en su idioma, y los gallegos, porque siendo casi una la lengua gallega que se habla con la que se escribía, todo se les haría fácil” [CT]. Cento vinteún anos despois (1876) Cuveiro aínda necesitaba xustifica-la utilidade do seu diccionario con ideas semellantes pois estaba pensado “para la escuela de diplomática, anticuarios, jueces, abogados, escribanos, párrocos y otras personas á quienes es indispensable su frecuente uso”. Pero a verdade é que nin no caso de Cuveiro, e menos do de Sarmiento, podemos xustifica-la iniciativa dun diccionario galego pensando na “utilidade” porque á altura de 1750 un diccionario galego era ben pouco útil nin para os infinitos forasteiros que viñan a esta terra (pois campaban nela co seu castelán sen ningún estorbo) nin para que un labrego analfabeto de Ortegá puidese entenderse mellor con outro labrego analfabeto, poñamos por caso, de Fisterra. Nesa demanda dun diccionario galego o que hai calada é unha reivindicación dunha lingua e dunha cultura e un desexo de entendela e conservalas máis alá de todo argumento de utilidade. Un diccionario é a consagración dunha lingua, sen diccionario non hai lingua. Isto é o que lle doía a Sarmiento.

Sarmiento cando esbozou estas ideas era xa un home maduro, entrado case na ancianidade; vivía lonxe da súa terra e sen perspectiva de volver a ela. Así é que do seu pro-

xecto de dicionario (porque Alethóphilo era el mesmo) só quedaron materiais fragmentarios do que podemos chamar fase preliminar: a recolla de materiais. **1)** Os apuntamentos brutos (diario xornada a xornada) do caderno do *Viaje que el Padre Sarmiento hizo a Galicia el año de 1745*. **2)** O *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*, un manuscrito que foi redactado en dúas etapas; a primeira parte despois do 10 de febreiro de 1746 (despois da segunda viaxe a Galicia); a segunda parte empezou a redactarse en Pontevedra durante a terceira viaxe, nos anos 1754-1755, e rematouse en Madrid despois do regreso. Contén materiais máis elaborados: borradores de entradas de dicionario aínda provisionais, sen ningún tipo de ordenación e pendentes de ulterior elaboración, con intuicións etimolóxicas necesitadas de máis control; listas de palabras organizadas onomasioloxicamente (“animales”, “aves”, “gusarapos”, “frutas”, “frutos”, “granos”, “manzanas”, “yerbas”, “malacotones”...). **3)** Un *Catálogo de voces vulgares y en especial de voces gallegas de diferentes vegetables*. O manuscrito é de diferentes datas: os 500 primeiros parágrafos deberon ser redactados antes do 5 de maio de 1754 (cando inicia a terceira viaxe) e contén voces recollidas na viaxe de 1745; a segunda parte (ata o parágrafo 2.554) recolle voces da viaxe de 1754-5 e foi redactada de maneira discontinua en Galicia e en Madrid entre 1755-1758. Son voces vulgares referentes á botánica para as que trata de encontrar un equivalente científico nalgunhas das nomenclaturas de que dispuña (Tournefort, Bahuino, Dodoneo etc., pouco Linneo, cuxos textos coñeceu demasiado tarde). **4)** Un *Onomástico latín-gallego de los vegetables que vio el Padre Sarmiento, según el sistema de Monsieur Tournefort*, redactado antes de 1767, que é unha de clave botánica que se exemplifica con nomes vulgares galegos (casteláns e franceses) de especies. **5)** Un *Borrón de varios nombres gallegos de vegetables*, posterior a 1751, que é unha simple lista na que o único que hai é un intento de agrupa-las voces por campos léxicos nos que ás veces hai como acios sinonímicos.

Eses cinco son os manuscritos nos que podemos identificar a Sarmiento como autor dun formento de dicionario do galego moderno (bastante escorado, como se ve, cara ás voces da historia natural). Pero hai outros textos nos que o interese do bieito estaba máis centrado na etimoloxía, tanto de voces comúns como de nomes propios. Entre estes manuscritos está a *Colección de voces y frases de la lengua gallega*, manuscrito que foi iniciado e abandonado varias veces entre 1746 e 1770, que é un comentario filolóxico de voces incluídas nas coplas, moi semellante ó que 200 anos despois fixo Carolina Michaëlis nas súas *Licções de filologia*. O lexicógrafo actual encontra aquí documentadas en galego moderno (e definidas na maioría dos casos) por riba de 1.300 voces. Tamén no *Onomástico etimológico de la lengua gallega* (que foi redactado en dúas etapas, en 1757, 30 “pliegos” dunha tirada, e 1762, os seis restantes) hai un considerable número de voces comúns definidas e etimoloxizadas ó lado dos nomes propios.

Pero Sarmiento é un pozo de saberes e de sorpresas; desde que fixo aquel acto de contricción por estar máis instruído nas cousas da China ca nas da súa terra ata que morreu

non parou de estudar e escribir papeis sobre ela. De maneira que nos escritos de temática máis variada, se se refiren a Galicia, pode aparecer unha voz galega, ou ducias delas. No *Epistolario do P. Sarmiento*, que recolle cartas ó irmán Xavier e a moitos outros, editado por Filgueira e Fortes Alén (Consello da Cultura Galega, Santiago, 1995), aparecen voces galegas e é precisamente esa voz e o seu designatum o tópico da discusión.

No que atinxe a Sarmiento como lexicógrafo, a maior parte do que sabemos débese-lle a J. L. Pensado Tomé; tódolos textos que citei neste escrito foron exhumados e transcritos por el (ou a el débese-lle, de momento, a mellor transcripción); tamén se lle deben estudos xerais e ás veces comentarios palabra por palabra. Pero falta aínda un *Vocabulario galego de Sarmiento* que recolla de modo organizado tódalas voces alfabeticamente, no que se eliminen as duplicacións; porque Sarmiento repite moito (incluso dentro do mesmo manuscrito). No que se complementen as definicións que dá no manuscrito (ou sitio) A coas que dá no manuscrito (ou sitio) B. No que se trate (criticamente) de casala nomenclatura das especies animais e vexetais co *systema naturae* de Linneo. E así por diante. Deixo anotado o tema por se xorde algún Alethóphilo, lector destas notas, que queira acometer este traballo como tese de doutoramento.

Un esbozo deste traballo adiantámolo nós mesmos no *Diccionario de dictionarios* (3ª ed., de próxima publicación). Nel incluímos tódalas obras lexicográficas de Sarmiento citadas nos parágrafos anteriores e delas extraemos tódalas voces galegas que cita e para as que propón, na case totalidade, algún tipo de información metalingüística (definición, equivalencias noutros idiomas, etimoloxía, pertenza a un campo nocional etc.). O número de lemas diferentes que rexisatramos é de 10.612, moitos deles tratados reiteradamene na mesma, en varias ou en tódolas obras. Para darse unha idea do que iso supón lembremos que o diccionario de Rodríguez chegou ós 4.001 lemas; o de Pintos a 7.090; o de Cuveiro a 11.839 e o de Valladares a 17.469.

Lembremos tamén que algún deses dicionaristas, como Valladares, pasou bastantes anos, e case coa dedicación dun profesional, entregado á lexicografía galega.

NOTAS

1. Cito pola transcripción que fan Xosé Filgueira Valverde e Mª Xesús Fortes Alén en *Fr. Martín Sarmiento. Epistolario*, Consello da Cultura Galega, Santiago, 1995 (carta 190). Pode lerse agora un facsímile do autógrafo en M. S., Coloquio en mil duascenas coplas, CCG, 2002.
2. Cito pola *Carta en resposta al Rvdmo. P. M. Esteban Terreros* consonte a transcripción de J. L. Pensado en *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, Galaxia, Vigo, 1974, pp. 19-41.
3. Cito por J. L. Pensado, *Fr. Martín Sarmiento, testigo de su siglo*, Salamanca, 1972, p. 75.
4. Segundo Pensado, *ib.* p. 36.

5. Carta 164 da edición de Filgueira/Fortes.
6. Carta 161 da edición de Filgueira/Fortes.
7. Carta 69 da edición de Filgueira/Fortes.
8. Cito pola edición de J. L. Pensado, *F. Martín Sarmiento. Onomástico de la lengua gallega*, Fundación Barrié de la Maza, A Coruña, 1998.
9. Cito pola edición de Pensado, Salamanca, 1973, p. 272.
10. Carta 203 da edición de Filgueira/Fortes